



## TALLER PRL PARA TRABALLADORES/AS DE ATENCIÓN DIRECTA A PERSOAS CON DEPENDENCIA. BOIRO

---

**Data de inicio:** 16 de Setembro , 2019  
**Data de fin:** 19 de Setembro , 2019  
**Data de inicio da inscrición:** 01 de Agosto , 2019  
**Data de fin da inscrición:** 11 de Setembro , 2019  
**Duración (en horas):** 16  
**Prazas:** 15  
**Ámbito:** Galicia  
**Lugar de celebración:** Concello de Boiro

---

Talleres gratuítos. 16 horas repartidas en 4 xornadas

### Contido do taller

#### 1. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A RISCOS ERGONÓMICOS (8 horas)

##### a) Riscos por mobilización de persoas con discapacidade motora persoas

- Risco asociado á mobilización manual de persoas
- Alteracións do sistema musculoesquelético e a súa asociación coa sobrecarga biomecánica
- Identificación dos factores de risco
- Estratexia preventiva

b) Aplicación práctica de técnicas de mobilización de persoas e normas de hixiene postural. Utilización de axudas menores: sabas deslizantes e táboas de transferencia .

#### 2. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE AOS RISCOS QUÍMICOS E BIOLÓXICOS (4 horas)

##### a) Precaucións básicas fronte ao risco químico e biolóxico.

- Tarefas con risco de contaxio de enfermidades.
- Que facer para evitar contaxios
- Accidentes con risco químico e biolóxico. Que facer

b) Aplicación práctica na aula. Medidas preventivas e actuación en cortes e salpicaduras. Uso de luvas, máscara, bata.

#### 3. MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE A RISCOS PSICOSOCIAIS (4 horas)

a) Esixencias psicolóxicas. Dobre presenza. Control sobre o traballo. Apoio social e calidade de liderado. Compensacións polo traballo.

b) Manexo de persoas con discapacidade cognitiva e patoloxías psiquiátricas

c) Aplicación práctica na aula. Simulación de caso real

**Persoas destinatarias:** persoas traballadoras maiores de idade con interese na actividade a que se dirixe o curso.

Teléfonos:  
981844800  
981849960  
Fax 981844008



Praza de Galicia s/n  
15930 Boiro  
correo@boiro.org  
www.boiro.org

### Criterios de selección:

No caso de haber máis solicitudes que prazas, os criterios de selección son:

- Grupo con prioridade 1: persoas con vinculación laboral ou formación (previa ou actual) na materia.

Unha vez seleccionado este grupo, a selección entre estas persoas realizarase por orde de inscrición.

- Grupo con prioridade 2: resto de persoal.

Unha vez seleccionado este grupo, a selección entre estas persoas realizarase por orde de inscrición.

Xunto a solicitude de inscrición, a persoa interesada entregará a documentación que acredite a prioridade 1.

### Solicitudes:

As solicitudes efectuaranse utilizando o formulario que se recolle no **anexo II e da** convocatoria que se atopa dispoñible en formato editable na web do Issga (Ficha de inscrición editable).

O prazo para presentar as solicitudes remata cinco días antes ao inicio de cada curso, que poderá ampliarse ata alcanzar o número máximo de 15 alumnos/as por taller.

As solicitudes poderanse presentar **por calquera dos seguintes medios:**

- Directamente no Departamento de Emprego do concello de Boiro
- Por correo electrónico, ao enderezo [issga.formacion@xunta.gal](mailto:issga.formacion@xunta.gal)
- Por entrega á empresa xestora, información no teléfono 981392209

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI/ NIF / NIE/ Pasaporte
- De ser o caso, documentación xustificativa de pertenza ao colectivo prioritario (epígrafe 5, criterios de selección)

Se estás interesado/a en ter máis información e/ou inscribirte no curso, ponte en contacto connóscos:

Departamento de Emprego do concello de Boiro

Telf. 981842609

Mail: [orientacion.laboral@boiro.org](mailto:orientacion.laboral@boiro.org)



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

Teléfonos:  
981844800  
981849960  
Fax 981844008



Praza de Galicia s/n  
15930 Boiro  
correo@boiro.org  
www.boiro.org